

CITIZEN

Textos e material gráfico de CHÉVERE

Encadernación rústica con lapelas. 16 x 22,5 cm. 160 páx. 15 €. ISBN 978-84-8464-456-9. Biblioteca de Teatro.

*Que historias nos corresponde contar a nós enriba dun escenario?
Como as debemos contar? Porque a de Zara era unha historia
xunto á que medramos e que acadara unha dimensión global.
Era ao mesmo tempo un caso de éxito individual e a confirmación
do fracaso colectivo como país...*

[Fragmento do limiar de Xesús Ron: "A extrema sinxeleza do teatro"]


"Citizen" é teatro de texto, teatro documental, performance, comedia, audiovisual. Esta obra pregúntase onde empeza a realidade e onde remata a ficción. É o que para Chévere significa facer teatro aquí e agora. Trátase dunha ficción baseada na figura de Amancio Ortega, que nos últimos 40 anos creou un imperio global afincado en Galicia, na periferia do sistema económico. Con este trasfondo, "Citizen" é unha oportunidade para reflexionar, ironizar e cuestionar os efectos da globalización en relación coas nosas identidades individuais e colectivas.

Inspírase na película «Citizen Kane» de Orson Welles, que conta a historia de Charles Foster Kane, un empresario norteamericano da comunicación que chegou a ser unha das persoas máis ricas e poderosas do mundo a principios do século XX. Paralelamente, Chévere conta a historia de A. O., un empresario galego do téxtil que dende os anos 80 amasou unha das maiores fortunas internacionais. Se o filme comeza coa morte do magnate, a peza teatral parte da morte de Francisco Franco; se «Rosebud» foi a derradeira palabra do referente cinematográfico, "Citizen" xoga coa pronuncia de «Globalization» no alento final do ditador.

O proxecto de "Citizen" consta de tres espectáculos autónomos que se foron estreando na Sala NASA de Compostela na tempada 2010-2011, ao xeito dunha obra de teatro por episodios. Da suma dos capítulos xurdiu un novo espectáculo de case catro horas que se estreou en marzo de 2011. Esta creación colectiva de Chévere -escrita por Manuel Cortés e dirixida por Xesús Ron- recibiu o Premio da Crítica de Galicia 2011 e cinco Premios María Casares en 2012.

Como explica o director, "Citizen" non existiría sen a Sala NASA; foi a última creación de Chévere feita integramente nese espazo e permitiu aplicar novos procesos de traballo e de produción combinando a aposta pola investigación e o desenvolvemento de múltiples recursos escénicos. O resultado foi "un teatro fabricado á man, lento e imperfecto, de proximidade, reciclado, fiable, duradeiro, reparable, con interpretacións naturais pouco procesadas, sen artificio inútil e sen aditivos innecesarios".

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



■ Textos teatrais.

■ Lectores xuvenís e adultos.

■ **Aspectos destacables:** comedia documental; anexo con material gráfico (documentación previa, carteis, fotos de ensaios e funcións); da colección *Biblioteca de Teatro*, formada por "Río Bravo" (Premio Gala do Libro 2018 - Teatro), "Annus Horribilis e outros musicais", "Eroski Paraíso" (Premio Gala do Libro 2019 - Teatro) e que continuará con "Eurozone", de Chévere.

■ Avance do libro:

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/citizen-g>

Chévere

Chévere é unha compañía de axitación teatral -con 30 anos de traballo ao lombo- que soubo manter con naturalidade unha proposta tan irreverente como xenuína e un sólido compromiso social, político e cultural, levando ao escenario os debates do presente con humor e cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos moi diversos. Chévere creou a Nave de Servicios Artísticos - Sala NASA en 1992, un espazo de referencia para a cultura independente no que se inventaron as *Ultranoites*. Desde 2012 traballa en residencia no concello de Teo (A Coruña), compatibilizando as súas creacións cun proxecto de integración na comunidade. En 2015 puxo en marcha a *Berberecheira*, unha iniciativa de custodia do territorio teatral para sementar proxectos creativos sostidos en redes estables de cooperación. Na súa traxectoria destacan o Premio da Crítica de Barcelona 1996, o Premio da Crítica de Galicia 2011, o Premio de Honra da MIT de Ribadavia 2012 e o Premio Nacional de Teatro 2014.

<http://www.grupochevere.eu>

<http://redenasa.tv/es>



© 2011-2015 Chévere
Diseño e edición: Manuel Cortés
Fotografía: Xesús Ron
Fotografía de Xesús Ron: Xesús Ron
Fotografía de Manuel Cortés: Manuel Cortés
Fotografía de Xesús Ron: Xesús Ron
Fotografía de Manuel Cortés: Manuel Cortés
Fotografía de Xesús Ron: Xesús Ron
Fotografía de Manuel Cortés: Manuel Cortés